

# RIOS PARA A VIDA

Texto: Xosé Veiras García\* Fotografía: Pepe Salvadores



**A** densa e extensa rede fluvial galega é unha das máis interesantes de Europa. Porén, durante as últimas décadas está a sofrer un importante proceso de degradación que aínda non foi atallado. Se non actuamos, o estado de conservación dos nosos ríos seguirá a empiorar.

A sociedade galega quer ríos sans e vivos. Por iso, a Federación Ecoloxista Galega, a Asociación Galega de Pesca Fluvial e a Federación Galega de Pesca están a desenvolver accións conxuntas en defensa do hábitat fluvial.

As devanditas organizacións achan que as Administracións deven mudar as políticas que inciden sobre o meio fluvial: hidráulica, forestal, enerxética, de concentracións parcelárias,.... Muitas das agresións aos ríos son provocadas por actuacións promovidas polos poderes públicos.

## UNHA NOVA CULTURA DA ÁGUA

É preciso dar un xiro á política hidráulica, entendida até hoxe como unha política de construción de infraestructuras. É sintomático que a planificación hidrolóxica das bacías situadas integramente en territorio galego (Galiza Costa) sexa competencia da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial.

Para solucionar calquer problema de

abastecimento de auga, o que se propón é construír un novo encoro. Non se considera prioritario controlar as demandas de auga e promover a mellora da eficiencia na súa utilización, o que é viábel técnica e economicamente.

Os nosos políticos e enxeñeiros, ansiosos por inaugurar obras e pressionados polo sector da construción, resisten-se a mudar de mentalidade. O Plano Hidrolóxico de Galiza Costa propón a construción de 11 encoros para abastecimento até o ano 2.012. O primeiro que se pretende construír é o de Caldas de Reis, no río Umia, cuxa finalidade principal semella ser a produción de electricidade.

Obsesionada polo formigón, a Administración Hidráulica non fai case nada pola delimitación, uso adecuado e recuperación ambiental do Dominio Público Hidráulico (DPH). A falta xeralizada de deslinde do DPH é escandalosa. Son frecuentes as construcións ilegais en zona de DPH, mesmo en lugares pouco seguros en caso de enchentes.

Os bosques autóctonos de ribeira desaparecen ou fican reducidos a unha fileira de árbores. Non se valoran as súas importantísimas funcións ecolóxicas: protección das ribeiras contra a erosión, refúxio e alimentación para a fauna, filtro verde, regulación da tem-

peratura das augas, corredor para a intercomunicación das especies de fauna e flora,....

## PREVENCIÓN E CONTROL DA CONTAMINACIÓN

As actuacións que se están a realizar en materia de saneamento e depuración non van posibilitar o cumprimento da lexislación europea sobre depuración de augas residuais urbanas, para o que sería preciso investir 163.814 millóns, de pesetas no período 1.995-2.005, de acordo cos datos oficiais. Para as Administracións as prioridades son outras e os fondos obtidos co pagamento do canon de saneamento son ridículos.

Ademais de seren insuficientes, os investimentos en depuración fan-se tarde e mal. Segundo un informe técnico da UE, ningún dos 14 proxectos de saneamento e depuración realizados pola Xunta coa axuda de fondos de coesión se adapta ben á Directiva europea sobre depuración de augas residuais. O mesmo informe critica que a Xunta só declarase "zona sensíbel" a ría de Pontevedra.

As industrias que verten aos ríos desfrutan dun trato enormemente benevolente. A imensa maioría dos vertidos carecen de autorización. A modificación da Lei Águas que está a estudar o

Ministerio de Meio Ambiente prevé unha legalización de facto dos vertidos ilegais.

O control da contaminación non é suficiente. Cómpre introducir un enfoque de prevención. A prevención abrangue cambios nas materias primas, nos procesos de produción ou nos produtos, que reducen, evitan ou eliminan o uso de sustancias tóxicas ou perigosas ou a xeración de subprodutos perigosos e/ou nutrientes por unidade de produción.

Ademais da contaminación urbana e industrial, hai que ter en conta a de orixen agrária e a causada polas piscifactorias. A Consellería de Agricultura non fixo nada até hoxe para previr e controlar a contaminación provocada pola aplicación de xurros, incumprindo unha directiva comunitaria. As piscifactorias son fontes de contaminación orgánica e os tratamentos sanitarios que se aplican nelas poden incidir negativamente sobre as poboacións de seres vivos que viven águas abaixo.

Unha causa importante de deterioro dos ríos é o arrastre de terras que se acaban depositando no leito, reducindo a aptitude dos frezadeiros para a posta e incubación dos ovos dos peixes. Isto acontece porque non se protexe ben a vexetación de ribeira, constrúen-se pistas e estradas a carón dos ríos, os incendios provocan perda de solo nos montes, os solos agrícolas erosionan-se por causa de malas prácticas de cultivo ou ao eliminárense as sebes, moitas explotacións mineiras non están controladas, deposita-se areia nas praias fluviais,....

Para as especies piscícolas migratorias a superficie productiva dos ríos do noso país diminuíu dramaticamente por causa da proliferación de presas que impiden o seu paso. Case non hai escalas de remonte ou ascensores que possibiliten aos peixes o ascenso do curso do río. Tampouco se habilitan os dispositivos necesarios para facer posíbel o descenso. Mais non só as empresas eléctricas crean problemas de accesibilidade. Mesmo as presas das praias fluviais poden constituir unha barreira infranqueábel para os peixes.

#### APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS

En Galiza hai 37 grandes encoros hidroeléctricos (curiosamente, en Madrid non hai ningún). Apesar de producirmos xa un 25% da enerxía hidroeléctrica do Estado Español e de expor-

tarmos directamente unha terceira parte da electricidade que xeramos, as eléctricas e os gobernos galego e estatal aínda non están satisfeitos.

O proxecto de Sela pode rematar o labor de converter o Miño nunha sucesión de lagos artificiais. Os veciños e veciñas de Navia de Suarna aínda non poden encarar o futuro con tranquilidade. Felizmente, a presión social conseguiu parar un recente proxecto de ENDESA para construír un encoro no río Eume ao seu paso pola zona máis valiosa do Parque Natural das Fragas do Eume.

As empresas que explotan as centrais hidroeléctricas seguen a manifestar unha notábel falta de sensibilidade ambiental, amparadas pola escasa firmeza da Dirección Xeral de Montes e Ambiente Natural, moito máis decidida cuando se trata de perseguir infraccións de particulares. Estas empresas non respectan moitas veces un caudal mínimo ecolóxico, deixando os ríos secos despois das presas. A estimación correcta e o mantemento de caudais ecolóxicos é fundamental non só para a conservación do habitat fluvial senón tamén para a calidade da água e os usos recreativos.



Tamén é habitual que as empresas propietarias de centrais varíen brusca-mente o caudal do río, en lugar de facelo paulatinamente. Esta práctica, ademais de deteriorar o medio, ameaza a seguridade persoal de pescadores e bañistas que se atopan na zona de influencia de caída de aproveitamentos hidroeléctricos. Mesmo ten causado máis dunha morte, a última ocorrida no Mandeo durante o pasado verán.

O Plano de Minicentrais Hidroeléctricas impulsado pola Xunta e os empresarios vai causar danos moi graves aos nosos ríos. Moitos dos proxectos de minicentrais realizados ou

previstos son incompatíbeis coa conservación do medio. Para defender a construción de minihídricas, a Xunta utiliza o argumento de que a enerxía minihidráulica é renovábel e alternativa. Porén, na verdade, o Goberno de Fraga non pretende diminuír o altísimo impacto ambiental do conxunto do sector enerxético galego. O único que quer é impulsar a creación de novos negocios de produción de electricidade, para beneficio duns poucos e prexuízo da maioría.

As organizacións ecoloxistas e de pescadores non comparten a política da Xunta para o desenvolvemento da enerxía minihidráulica, xa que menospreza os impactos ambientais e non se inscribe no marco dunha política enerxética que fomenta o aumento do aforro e da mellora da eficiencia enerxética e a diminución da produción de electricidade a partir de carbón.

#### PESCA FLUVIAL

A pesca é un deporte ambientalmente aceptábel, mais só se se ordena e se practica adecuadamente. Hoxendía, o furtivismo e a sobrepesca contribúen á diminución das nosas poboacións de peixes. A xestión da pesca aínda non se basea en estudos científicos que fornezan datos suficientes sobre a situación das poboacións piscícolas. Como se pode ordenar axeitadamente o aproveitamento duns recursos que non se coñecen ben?.

Segundo o Atlas de Vertebrados de Galiza, elaborado pola Sociedade Galega de Historia Natural, as poboacións de 7 das 12 especies autóctonas de peixes dos ríos galegos están en regresión. O salmón (*Salmo salar*), o sável (*Alosa alosa*) e o reo (*Salmo trutta trutta*) están mesmo ameazados de extinción.

Para tentar aumentar as minguadas poboacións de peixes é frecuente recorrer ás repoboacións. A súa efectividade é máis propagandística que real. Mesmo poden ser moi prexudiciais se se utilizan especies ou ecotipos alleas ao noso medio, ao introduciren enfermidades ou competiren coas poboacións autóctonas. Varias especies foron introducidas irresponsablemente nos ríos do país: a troita americana (*Oncorhynchus mykiss*), a carpa (*Cyprinus carpio*), o black-bass (*Micropterus salmoides*), etc.

\*Xosé Veiras é Coordinador da Federación Ecoloxista Galega.